



RECOMENDACIÓN DIRIXIDA AO SR. DIRECTOR DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS -AXI-, DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA, PARA QUE FORMALICE O ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA SOLICITADA DA FORMA MÁIS AUTÓNOMA POSIBLE.

Expediente: T.11.Q/859/18

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2018

Sr. director:

Nesta Institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED], co DNI nº [REDACTED], referente a unha petición de información na que a resposta da Axencia Galega de Infraestruturas-AXI non é completa.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que fixo dúas peticións a esa axencia o 29 de xaneiro de 2018 nas que solicitaba:

- Coñecer as distancias que existen entre o eixe da vía OU-113 e os muros e muretes situados nas parcelas [REDACTED] e [REDACTED] situadas respectivamente nos puntos quilométricos 38,199 da marxe dereita e 37, igualmente da marxe dereita.
- Importes dos contratos de mantemento da vía OU-113, de Vilar de Barrio, Laza-Verín, dentro dos períodos 2016 e 2017. Expediente completo, adxudicatario, importe, integrantes da mesa de contratación, no seu caso, informes técnicos, informes xurídicos, informes de intervención, información de seguimento de

obra, informes do responsable do contrato, modo de contratación e empresa adxudicataria e empresas que participaron nas respectivas ofertas.

- Expediente completo en relación á sinalización tanto vertical como horizontal da vía OU-113, empresa encargada de tal función e forma de adxudicación, período 2016-2017.

A resposta recibida é que se consulte a páxina de contratos públicos de Galicia nun enderezo electrónico que facilitan, o que para o administrado que realizou a petición non se está contestando.

Ante iso requirimos informe a esa Consellería, que xa nola remitiu. Coa información aportada se indica que todas as cuestións foran contestadas e que en relación aos muros, coa data do 2 de febreiro de 2017 se lle notificou que *“todos os terreos nos que se fixeron a estrada e o muro eran de dominio público de obras públicas de estradas e de construcións de ferrocarrís”*. Dando seguidamente información sobre a construción da estrada e remitindo a documentación que autoriza o uso *“dunha pequena faixa do terreo adquirido para as nosas obras e situado ao límite da zona expropiada para construír a estrada”*. E en relación á petición de expedientes se lle facilitou o enderezo electrónico da plataforma de contratación da Xunta de Galicia, as claves dos contratos solicitados e o nome do director das obras (cuxo nome non constaba na plataforma), pois nesa plataforma constaban os expedientes completos.

Finalmente compre destacar do informe o seguinte: *“Unha vez na dita Plataforma, dentro do perfil do contratante correspondente, neste caso, á Axencia Galega de Infraestruturas, o interesado tan só terá que teclear as claves concernentes aos expedientes de contratación, claves que tamén lle foron comunicadas: OU/15/114.02, OU/14/073.02.”*

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

O concepto da transparencia na información no ordenamento xurídico vai unida a unha serie de principios e calidades que a definen. Para que a información sexa transparente di a Lei 19/2013, do 9 de decembro que ten que ser comprensible. Esta lei indica que a información ten que facilitarse dunha maneira clara, estruturada e entendible para os interesados.

Nesta mesma liña o artigo 2 b) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno recolle como principio xeral desta lei o principio de accesibilidade universal da

información pública, de xeito que tanto a información coma os instrumentos e as ferramentas empregados na súa difusión sexan comprensibles, utilizables e localizables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e mais da forma máis autónoma e natural posible.

Todas as demandas de información dirixidas por esta persoa á axencia, traían causa da existencia dun procedemento sancionador en materia de estradas por acumulación de pedras e a existencia dun pequeno muro na zona de protección da estrada.

A resposta facilitada, pode ser comprensible para aquel que teña coñecementos en materia de estradas e o seu procedemento sancionador, así como en materia de contratación e o funcionamento da plataforma de contratación, pero non o é para unha persoa non habituada a estas normativas e os seus procedementos, e desde logo non permite de xeito cómodo, autónomo e natural a localización da información.

Hai que ter en conta que en datas recentes a Xunta de Galicia modificou a estrutura da plataforma de contratación, polo que sen a guía necesaria era difícil cos datos facilitados por AXI acceder á información.

A plataforma da os seguintes parámetros para buscar a información; a data de publicación; o importe da licitación; o órgano de contratación e o estado da tramitación. AXI non facilitou mais que a clave da obra, que non figura nesta relación. Basta con que AXI lle dea eses datos para que o interesado poida, sen perdas de tempo innecesarias acceder á información solicitada dos expedientes.

En relación ás distancias dos muros, que é o que se pediu, non consta que se lle facilitaran, e tampouco que se exercitara por parte da AXI o artigo 19.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro (que é dirixirse ao interesado para que se concrete o que se pide, o que se podía ter feito coñecendo o motivo da petición).

O persoal de estradas informa que o muro co que o interesado quere comparar o seu muro está en zona de dominio público, desde a construción da estrada, pero esa non era a resposta á pregunta. A pregunta era as distancias de ámbolos dous muros ao eixe, e como se indica non consta que se lle facilitara tal información.

Efectivamente, aínda que coincidan as medicións do muro feito en dominio público, para a propia obra pública coas do muro feito por un particular na zona de protección da estrada, estas medicións non son equiparables, pero en materia de transparencia e dereito de acceso á información pública non caben interpretacións, sobre todo porque a axencia para resolver no tivo en conta a motivación alegada polo interesado, que era que quería dispoñer da información para facer a súa defensa nun expediente sancionador, senón que simplemente

dixo que tiña dereito a ela, pero logo lle facilitou a información que considerou e que non coincidía co solicitado.

Polo tanto, para indicar ao solicitante coma pode acceder á información, é necesario facilitarlle ao interesado tódolos parámetros que a plataforma, actualmente en funcionamento, establece para a busca da información e que foron indicados. Igualmente, en relación ás medicións de ámbolos dous muros o acceso deberá informar do expresamente solicitado, que é as distancias de ámbolos dous muros ao eixo da estrada.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar á Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), o seguinte recordatorio de deberes legais e recomendación:

O cumprimento da formalización do acceso a información solicitada, prevista no artigo 22 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, indicando de xeito comprensible coma acceder á información. Incidindo a explicación para o acceso en que esta sexa doadamente localizable para o solicitante, permitíndolle informarse con comodidade e da forma máis autónoma e natural posible da documentación dos contratos reclamados e ás medicións de ámbolos dous muros ao eixe da estrada.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela

actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Agradecéndolle a súa colaboración, reciba un atento saúdo.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo